



ACTA

| | |
|-------------------------|--------------------------|
| Expediente núm.: | Órgano Colexiado: |
| XGL/2018/43 | A Xunta de Goberno Local |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | |
|------------------------------------|-----------------------------------|
| Tipo Convocatoria | Ordinaria |
| Data | 1 de outubro de 2018 |
| Duración | Desde as 20:04 ata as 20:29 horas |
| Lugar | SALA DE SESIÓNS |
| Presidida por | XOSE MANUEL PAZOS VARELA |
| Secretario | ELEUTERIO PENA LAMAS |

| ASISTENCIA Á SESIÓN | | |
|---------------------|-----------------------------|--------|
| DNI | Nome e Apelidos | Asiste |
| 77010633D | ANDRES GARCIA BASTON | NON |
| 73240505H | HÉITOR MERA HERBELLO | SÍ |
| 78734984G | JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO | NON |
| 76807564F | LOURDES RIAL PARDO | NON |
| 78730184B | MARIANO ABALO COSTA | SÍ |
| 76811297Z | MERCEDES GIRALDEZ SANTOS | SÍ |
| 53113479Q | TANIA CASTRO PAREDES | SÍ |
| 78739263M | TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ | SÍ |
| 76328194A | XOSE MANUEL PAZOS VARELA | SÍ |
| 34907283E | XOÁN CHILLÓN IGLESIAS | SÍ |
| 78736615W | ÁNGELA VIZOSO MARCOS | SÍ |



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 24 de setembro de 2018

| | | |
|------------------|---|--|
| Favorable | Tipo de votación: Nominal A favor: 6, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 1 | |
| | A favor | HÉITOR MERA HERBELLO MERCEDES GIRALDEZ SANTOS TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ XOSE MANUEL PAZOS VARELA XOÁN CHILLÓN IGLESIAS ÁNGELA VIZOSO MARCOS |
| | En contra | --- |
| | Abstencións | MARIANO ABALO COSTA |
| | Ausentes | TANIA CASTRO PAREDES |

A Xunta de Goberno Local, por maioría dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 24 de setembro de 2018.

Expediente 4392/2018. Solicitud de sinalización

| | |
|------------------|---|
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
|------------------|---|

Vista a solicitude presentada pola comunidade de propietarios "Espírito Santo, 43" de Cangas, na que solicita un sinal de pasaxe permanente para a entrada do garaxe comunitario sito no Espírito Santo, nº 48-Coiro. A Xunta de Goberno Local acorda conceder á referida comunidade o sinal de pasaxe permanente solicitado.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

Expediente 4297/2018. Solicitud de sinalización

| | |
|------------------|---|
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
|------------------|---|

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Vista a solicitude de F.A.L., con rexistro de entrada nº 8153, na que solicita un sinal de pasaxe permanente en rúa Carlos Casares, nº 6, de 13 metros de lonxitude.

Visto, así mesmo, o informe emitido en data 24.09.2018 pola Policía Local, que indica o seguinte: "... *procede a concesión dun sinal de pasaxe permanente co ancho correspondente dos 3,00 metros de entrada ao garaxe e o correspondente pintado dunha liña amarela lonxitudinal continua diante da mesma pasaxe. Non procede o pintado dos 13 metros solicitados pero si da mesma entrada da pasaxe permanente*".

A Xunta de Goberno Local de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda conceder autorización para a instalación de un sinal de pasaxe permanente co ancho correspondente dos 3,00 metros de entrada ao garaxe e o correspondente pintado dunha liña amarela lonxitudinal continua diante da mesma pasaxe. Indícase, así mesmo que non procede o pintado de 13,00 metros solicitados.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

Expediente 199/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Nominal

A favor: 4, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 1

A favor

HÉITOR MERA HERBELLO
MERCEDES GIRALDEZ SANTOS
XOSE MANUEL PAZOS VARELA
XOÁN CHILLÓN IGLESIAS

En contra

Abstencións

MARIANO ABALO COSTA
TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ
ÁNGELA VIZOSO MARCOS

Ausentes

TANIA CASTRO PAREDES

EXPEDIENTE 199/2018.- Conceder a "PROCOMPOS SL", con enderezo a efectos de notificacións en Camiño do Outeiro, nº 16-Matamá-Vigo, titular do CIF nº X, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, a modificación da licenza de obra nº 21.803, para construción dun edificio na Travesía Concepción Arenal, autorizada por acordo de 22.10.2008. As obras executaranse en solo urbano consolidado, regulado pola ordenanza 3 e se corresponderán coas contidas no proxecto modificado de execución de edificio composto de 213,99 m2., de soto; 265,87 m2., de planta baixa; 290,28 m2., de primeiro andar; 291,65 m2., de segundo andar; 259,40 m2., de terceiro andar; 75,06 m2., de cuarto andar; e 49,38 m2., de aproveitamento baixo cuberta, sito na 1ª Travesía de Concepción Arenal-Cangas, elaborado polo arquitecto J.D.I., visado en data 04.01.2018. O presuposto de execución material das obras ascende a seiscentos sesenta e dous mil douscentos cincuenta e seis euros con noventa e dous céntimos (662.256,92 €).

Concello de Cangas



A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de SEIS MESES e o de terminación de TRES ANOS, desde a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a SEIS MESES.

A cesión para regularización do vieiro municipal efectuouse no expediente nº 22.492 o 06.10.2008 e o aval por importe de dous mil catrocentos setenta e dous euros con sesenta e tres céntimos (2.472,63 €), para responder das obras de urbanización, depositouse tamén no seno dese expediente.

Explicacións do sentido do voto:

1. MARIANO ABALO COSTA:

Solicita que conste en acta que na parcela A se está a ocupar o 100%, o que xeneraría aproveitamento lucrativo, que resulta de dudoso cumprimento a normativa de habitabilidade e que unha veciña interpón un escrito onde se nos comunica que se dea conta desta actuación á fiscalía.

Expediente 4314/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4314/2018.- Outorgar a J.A.S.L., con enderezo en rúa Camilo José Cela, nº 2-6ºA-Vigo, para no lugar de Torreiro-Vilanova-O Hío, regulado pola Ordenanza 12, solo non urbanizable de tolerancia exterior (SNUA), licenza de obras para a construción de unha vivenda unifamiliar de planta baixa de 110,60 m²., e 34,40 m²., de edificación adxectiva (referencia catastral X), de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto J.R.L. de data de agosto de 2018. A licenza outorgarase condicionada a presentar, antes do inicio das obras o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a noventa e un mil seiscentos oitenta e seis euros con setenta e oito céntimos (91.686,78 €).

Acéptase a fianza para garantir as obras de urbanización depositado en Abanca, por importe de trescentos euros (300,00 €), en data 18 de setembro de 2018.

Expediente 3159/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3159/2018.- A "NEDGIA GALICIA SA", con domicilio a efectos de notificación en Travesía de Vigo, nº 204 PB, para no lugar de rúa Cega, nº 5-Cangas, autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para executar unha ampliación da rede en 20,22 ml., e unha acometida, de conformidade coa documentación presentada polo enxeñeiro A.C.B., de data 16 maio de 2018 e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15



Concello de Cangas

de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de mil sesenta e dous euros con sesenta e cinco céntimos (1.062,65 €), para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "NEDGIA GALICIA SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advérteselle da obrigatoriedade imposta polo artigo 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 4037/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4037/2018.- Outorgar licenza de obras a M.D.S.N., con enderezo en Castrillón, nº 2-Coiro, para no referido lugar, construír unha piscina de 21,76 m²., acondicionar a parcela e actuacións sobre edificación actual (referencia catastral X), de conformidade co proxecto elaborado polo técnico J.P.Y., de data xullo de 2018 e documentación complementaria de data 14 de agosto de 2018. A licenza outorgarase condicionada a cumprir co sinalado na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a doce mil cincocentos corenta e nove euros con trece céntimos (12.549,13 €).

Expediente 3340/2018. Licenza urbanística

Desfavorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Concello de Cangas



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 3340/2018.- Denegar a licenza solicitada por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA, con domicilio en Travesía de Vigo, nº 204-Vigo, para a instalación dunha RBTS no lugar Baixada a Arneles (SDG: X), de conformidade co proxecto elaborado polo enxeñeiro técnico industrial R.P.F. de data 11 de xuño de 2018, de conformidade co informe desfavorable do arquitecto municipal de data 14.08.2018, xa que onde se propón a liña de baixa tensión é para dar servizo a unha vivenda inexistente en solo rústico.

Incidencias: nestes intres entra na sala de sesións a concelleira Sra. Tania Castro Paredes.

Expediente 4136/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4136/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por A.M.P., en representación de "TECNOSAT CB", para reformas interiores no local sito no lugar da Avda. de Montero Ríos, nº 18-baixo-Cangas (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada de data 16 de agosto de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil oitocentos un euros con quince céntimos (2.801,15 €).

Expediente 4745/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4745/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por D.F.F., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Sol, nº 9-Cangas, para apertura de oco en fachada de edificación sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada polo arquitecto técnico R.S.C.. O presuposto de execución material ascende a mil setecentos cincuenta e dous euros (1.752,00 €).

Expediente 4282/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4282/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.M.M., para substitución de cuberta de 84,28 m²., de edificación sita no lugar da Rosada, nº 74-Coiro, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico H.G.G. de data agosto de 2018 (referencia catastral X). O presuposto de execución das obras ascende a seis mil trescentos trinta e catro euros con cincuenta céntimos (6.334,50 €).

Instrución dos membros da Xunta de Goberno Local: cada vez que se tramite un cambio de cuberta de edificación, deberá facerse un seguimento polo servizo de inspección municipal, tendo o solicitante que instalar o correspondente cartel indicativo da obra a realizar.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



| Expediente 3483/2018. Comunicación previa de actividade | |
|---|---|
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
| <p>EXPEDIENTE N° 3483/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.M.S.M., con enderezo a efectos de notificacións en barrio de Nazaret, n° 13-2ºD-Cangas, titular do DNI n° X, para a actividade de tenda de regalos sito en rúa San Francisco, n° 1-baixo (referencia catastral X), vista a acta de comprobación favorable emitida pola arquitecta de data 21 de setembro de 2018.</p> | |

| Expediente 4742/2018. Cancelación e devolución de garantía | |
|---|---|
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
| <p><u>Primeiro.-</u> Recoñecer a devolución do aval bancario por importe de dous mil oitocentos trinta euros con sete céntimos (2.830,07 €), depositado pola empresa "CIVIS GLOBAL SL", para a realización das obras “Adaptación de consultorio (accesibilidade) uso veciñal primeiro andar”.</p> <p><u>Segundo.-</u> Notificar este acordo á empresa interesada.</p> | |

| Expediente 3947/2018. Cancelación e devolución de garantía | |
|--|---|
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
| <p><u>Primeiro.-</u> Recoñecer a devolución do aval bancario por importe de mil novecentos euros con sesenta céntimos (1.900,60 €), depositado por J.M.T. Pazo, con NIF n° X, depositada no expediente de licenza de obra n° 24.908 para responder das obras de urbanización.</p> <p><u>Segundo.-</u> Notificar este acordo ao interesado.</p> | |

| Expediente 2166/2017. Concesión do Servizo de axuda no fogar | |
|--|---|
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
| <p>Vista a solicitude de ampliación do Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:</p> <p>* CONCEDERLLE a I.F.B., con DNI n° X e con expediente n° 36008/01/001648–49532, a ampliación do Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:</p> | |



Concello de Cangas

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal.
- * Atencións de carácter psicosocial.
- * Atencións de carácter doméstico.

Custo total do servizo: oitocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (847,70 €) (doce euros con once céntimos (12,11€/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: 0,00 €/mes.

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de ampliación no SAF: a partir do 10 de outubro de 2018.

Expediente 4752/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de ampliación do Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a M.C.B.S., con DNI nº X e con expediente nº 36008/01/000922–21171, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal.
- * Atencións de carácter psicosocial.
- * Atencións de carácter doméstico.

Custo do servizo total: cento vinte e un euros con dez céntimos (121,10 €) (doce euros con once céntimos (12,11€/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: trinta e dous euros con setenta e tres céntimos (32,73 €/mes).

Número de horas: 10 horas/mes, con previsión de aumento ao longo do mes de outubro a 20 horas/mes (á espera de aprobación nova resolución PIA).

Data de efectos de alta no SAF: a partir do mes de outubro de 2018.

Expediente 3923/2018. Proposta do concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade para aprobación de bases e anexos para concesión de subvencións para o

Concello de Cangas



| desenvolvemento de programas e actividades de servizos sociais e igualdade (ano 2018) | |
|---|---|
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
| <p>A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 27.09.2018 do concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade, referente a aprobación de bases para a concesión de subvencións destinadas ao desenvolvemento de programas e actividades de servizos sociais e igualdade para o ano 2018, que é como segue:</p> <p><i>"Expediente nº 3481/2018.</i></p> <p><i>Procedemento: subvencións destinadas ao desenvolvemento de programas e actividades de servizos sociais e igualdade para o ano 2018.</i></p> <p><i>Unha vez vista a documentación do expediente nº 3481/2018 e revisada esta pola secretaría e intervención municipal, proponse a XUNTA DE GOBERNO LOCAL o seguinte:</i></p> <ul style="list-style-type: none">- <i>Aprobación das bases e dos anexos para a concesión de subvencións destinadas ao desenvolvemento de programas e actividades de servizos sociais e igualdade para o ano 2018.</i>- <i>Dar traslado deste acordo a secretaría, intervención para dar continuidade aos trámites e publicación das bases e anexos nos distintos órganos supramunicipais correspondentes".</i> | |

| Expediente 4753/2018. Proposta do concelleiro de servizos sociais, sanidade e igualdade de concesión de bonificación da taxa nos obradoiros de lecer para persoas maiores no período 2018/2019 | |
|---|---|
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
| <p>A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 27.09.2018 do concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade, referente a concesión de bonificación da taxa nos obradoiros de lecer para persoas maiores no período 2018/2019, que é como segue:</p> <p><i>"Proposta de bonificación da taxa nos obradoiros de lecer para persoas maiores no período 2018/2019.</i></p> <p><i>Tomás Hermelo Álvarez, concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade do Concello de Cangas,</i></p> <p>PROPÓN</p> <p><i>Á Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte proposta:</i></p> <p><i>A concesión de bonificación sobre a taxa establecida de trinta euros (30,00 €), para os 6 seguintes pedimentos recibidos durante o prazo de presentación das solicitudes do programa de 'Obradoiro e curso para persoas maiores no período 2018/2019', segundo o acordo aprobado pola Xunta de Goberno Local.</i></p> | |



| Nº Rex. Entrada | Solicitante DNI | Ingresos IRPF-2017 e outros imputables | Renda per cápita mensual | Proposta de resolución | Nº obradoiros solicitados |
|-----------------|-----------------|---|--------------------------|------------------------------|---------------------------|
| 10783 | | IRPF -2017: (conxunta): 17.119,74 € | 713,32 €/mes | Bonificación do 66 % da taxa | 2 |
| 10784 | | IRPF -2017: (conxunta): 17.119,74 € (Cónxuxe da solicitante nº 2) | 713,32 €/mes | Bonificación do 66 % da taxa | 2 |
| 10785 | | IRPF - 2017: 7.633,09 € | 636,09 €/mes | Bonificación do 66 % da taxa | 2 |
| 10963 | | Perceptora da RISGA: 403,38 €/mes + 53,78 €/mes compl. aluguer | 403,38 €/mes | Bonificación do 100% da taxa | 1 |
| 11487 | | Perceptora da RISGA: 403,38 €/mes + 53,78 €/mes compl. aluguer | 403,38 €/mes | Bonificación do 100% da taxa | 1 |
| 11555 | | Perceptora PNC: 190,00 €/mes + Pensión Arxentina: Uns 167,41 €/mes setembro (oscila pola flutuación da moeda) | 357,41 €/mes setembro | Bonificación do 100% da taxa | 2". |

Expediente 1587/2018. Aprobación de conta xustificativa da subvención para programas para a dinamización lingüística (ano 2018)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta da Alcaldía de data 28.09.2018, referente a aprobación da conta de xustificación da subvención para programas para a dinamización lingüística (2018), que di o seguinte:

"Que en relación coa axuda concedida polo importe de mil cincocentos trinta e catro euros (1.534,00 €), para programas para a dinamización lingüística no ámbito local ao abeiro da



solicitud formulada por este Concello ao abeiro da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data do 16 de abril de 2018, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se establecen as bases para a promoción do uso da lingua galega.

Visto o informe do interventor municipal e con base nas atribucións que teño conferidas, propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da axuda concedida polo importe de mil cincocentos trinta e catro euros (1.534,00 €), para programas para a dinamización lingüística polo importe total de mil seiscentos setenta e catro euros con trinta e nove céntimos (1.674,39 €), sen IVE, de conformidade ao seguinte desglose:

| Nº factura Data de emisión factura | Proveedor CIF | Concepto | Importe € sen IVE e con IVE | Aprobación por resolución de Alcaldía e data de pagamento |
|--|-----------------------|--|--------------------------------|--|
| | Lar dos Contos | Obradoiros interculturais nas escolas de Cangas (8) | 495,87 525,62 | 25/05/2018 31/05/2018 |
| | FORO print partner | Revistas do salón do cómic | 522,52 632,25 | 11/09/2018 13/09/2018 |
| | REC estudios | Altavoces, mesa dixital, focos.. actuación Mornura | 656,00 793,76 | 11/09/2018 13/09/2018 |
| | | | 1.674,39 | |

Segundo.- Que se tomou razón na contabilidade dos gastos que se xustifican.

Terceiro.- Que de conformidade coa memoria redactada polo técnico municipal, E.G.G., co desenvolvemento do programa para a dinamización lingüística deuse cumprimento á finalidade da subvención concedida.

Cuarto.- Declarar que o Concello de Cangas, non solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada para o fin que se xustifica e que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia".

Expediente 4341/2018. Proposta da alcaldía para aprobación de convenio de colaboración interadministrativa entre o Concello de Boiro e o Concello de Cangas para a realización de tarefas e funcións de arquitecto

| | | |
|------------------|---|----------------------|
| Favorable | Tipo de votación: Nominal A favor: 5, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 0 | |
| | A favor | HÉITOR MERA HERBELLO |



Concello de Cangas

| | |
|-------------|--|
| | MARIANO ABALO COSTA MERCEDES GIRALDEZ SANTOS XOSE MANUEL PAZOS VARELA XOÁN CHILLÓN IGLESIAS |
| En contra | --- |
| Abstencións | TANIA CASTRO PAREDES TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ ÁNGELA VIZOSO MARCOS |
| Ausentes | --- |

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta da Alcaldía de data 28.09.2018, referente a aprobación de convenio de colaboración interadministrativa entre o Concello de Boiro e o Concello de Cangas, para a realización de tarefas e función de arquitecto, que é como segue:

"Á vista do convenio de colaboración interadministrativa entre o Concello de Boiro e o Concello de Cangas para a realización de tarefas e función de arquitecto.

Tendo en conta a aceptación expresa do arquitecto municipal.

Consta no expediente informe do secretario do Concello de Cangas de data 21 de setembro de 2018.

Tendo en conta a Resolución de Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, na que de conformidade co disposto no punto 8 desta, o alcalde pode elevar á Xunta de Goberno Local todas aquelas cuestións puntuais competencia do alcalde que este desexe someter a resolución da Xunta de Goberno Local, elevo a seguinte proposta:

Primeiro.- aprobar o convenio de colaboración interadministrativa entre o Concello de Boiro e o Concello de Cangas para a realización de tarefas e función de arquitecto.

Segundo.- No seu caso, facultar ao Alcalde para a sinatura do convenio.

Terceiro.- Notificar ao interesado e ao Concello de Boiro".

Expediente 164/2018. Dación de conta de Auto nº 68/2018 no Procedemento Abreviado nº 385/2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada do Auto nº 68/2018, correspondente ao PA nº 385/2017, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo, nº 3 de Pontevedra, cos seguintes datos:

- A persoa recorrente: B.L.V..

- Contido: procede acordar o ARQUIVO DO PROCEDEMENTO, con expresa imposición das

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

custas causadas á administración demandada en contía que non excederá do límite máximo de cen euros (100,00 €), no relativo a gastos de defensa e representación.

- Auto firme.

Expediente 432/2017. Dación de conta de Execución definitiva nº 33/2016 no Procedemento Abreviado nº 47/2015

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada do Decreto da Execución Definitiva nº 33/2016, PA nº 47/2015, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo, nº 1 de Pontevedra, cos seguintes datos:

- A persoa recorrente: M.V.C.

- Contido: ter por executada a Sentenza ditada no procedemento abreviado nº 47/2015, que deu lugar á peza de execución nº 33/2016 do Xulgado Contencioso Administrativo, nº 1 de Pontevedra.

- Acorda declarar a firmeza da referida resolución e archivar as actuacións.

- Cabe recurso de reposición.

Expediente 1602/2018. Informe-proposta de secretaría para rectificación de erros aritméticos en acordo de Xunta de Goberno Local de solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra para realización de obra do POS 2018/2019 (Liña 1)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Visto o requirimento feito pola Deputación de Pontevedra de subsanación de solicitude do investimento incluído no Plan de obras e servizos (Plan concellos) 2018-2019, no que se indica a existencia de erro nos importes das anualidades no proxecto de 'Pavimentación de rúas Xoan de Cangas e Eduardo Pondal'.

Considerando que no acordo da Xunta de Goberno de 27 de marzo de 2018, se observan unha serie de erros aritméticos que dan lugar ao requirimento feito pola Deputación.

Considerando o informe presentado por C.G.C. a de data 1 de outubro polo que se modifican as contías do proxecto.

De conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común onde se recolle a rectificación de erros aritméticos pola administración en calquera momento, proponse á Xunta de Goberno Local:

Concello de Cangas



PRIMEIRO.- Rectificar os erros aritméticos atopados no acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de marzo de 2018, de xeito que onde di:

| | | | |
|---|--------------|------------|------------|
| "Pavimentación Rúas Xoán de Cangas e Eduardo Pondal. Técnico municipal: C.G.C. | 122.849,92 | 61.424,50 | 61.424,5 |
| Suma | 1.341.329,55 | 758.052,81 | 583.275,83 |

Segundo.- Solicitar axuda á Deputación Provincial polo importe de un millón trescentos corenta e un mil trescentos vinte e nove euros con cincuenta e cinco céntimos (1.341.329,55 €), con cargo ao Plan Concellos 2018-2019, correspondendo setecentos cincuenta e oito mil cincuenta e dous euros con oitenta e un céntimos (758.052,81 €) con cargo á anualidade 2018 e cincocentos oitenta e tres mil douscentos setenta e cinco euros con oitenta e tres céntimos (583.275,83 €), con cargo ao 2019, para a execución dos proxectos que se relacionan anteriormente e asumir o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención".

Debe dicir:

| | | | |
|---|--------------|------------|------------|
| "Pavimentación Rúas Xoán de Cangas e Eduardo Pondal. Técnico municipal: C.G.C. | 122.849,92 | 61.424,96 | 61.424,96 |
| Suma | 1.341.329,55 | 758.053,27 | 583.276,29 |

Segundo.- Solicitar axuda á Deputación Provincial polo importe de un millón trescentos corenta e un mil trescentos vinte e nove euros con cincuenta e cinco céntimos (1.341.329,55 €), con cargo ao Plan Concellos 2018-2019, correspondendo setecentos cincuenta e oito mil cincuenta e tres euros con vinte e sete céntimos (758.053,27 €) con cargo á anualidade 2018 e cincocentos oitenta e tres mil douscentos setenta e seis euros con vinte e nove céntimos (583.276,29 €), con cargo ao 2019, para a execución dos proxectos que se relacionan anteriormente e asumir o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención".

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ao Concello Pleno na vindeira sesión que se realice.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES



Concello de Cangas

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850